

PRÓLOGO de Basilio Losada para a obra *REXURDIMENTO* de Afonso Becerra de
Becerreá.

TRES POETAS, UN PAÍS E UN CEGO

(e non esquezamos ó criado furamosas)

por Basilio Losada Castro ^{*1}

Escribo este limiar no meu último día como profesor na Universidade de Barcelona, e poida que sexa o limiar derradeiro que eu escriba. Nestas circunstancias, xubilares e xubilosas, hei manifestar que posiblemente non haxa satisfacción maior para un vello ensinante que poñer un prefacio á obra dun alumno. Afonso Becerra foi alumno meu, en distintos cursos e anos. Cando un profesor está a falar nunha aula, ten diante si unha masa imprecisa de rostros e de olladas -douscentos ollos cravados nun- nos que apenas pode distinguir trazos individuais, pero sempre aflora entre eles unha ollada curiosa, atenta, interesada. E iso, a posibilidade de que as palabras que un pronuncia, as ideas que un pretende sementar, esperten en alguén curiosidade e interese, é a parte maior das satisfaccións que o exercicio docente nos ofrece. Podo dicir que algúns que foron alumnos meus hai cincuenta anos, ou vinte, ou dez, son hoxe figuras moi alzadas na Literatura en castelán ou nas Letras catalanas. Afonso Becerra, galego de nación, dunha terra rentes da miña orixinal -o meu Val de Láncara limita ó Norde coas terras bravas que van erguéndose cara ós Ancares- foi alumno, excepcional alumno. A súa paixón creativa agromou en tres aspectos: a lingua e as letras nosas, de Galicia; a súa terra de Becerreá, e, poida que por riba de calquera outra, o teatro. Home de teatro, curioso, aberto e informado, ofrece hoxe o que é, supoño eu, o seu primeiro froito á dramática galega, este *REXURDIMENTO*, no que conxuga alomenos dous deses tres amores que artellan a súa vida aínda nova.

Aparecen nesta obra as tres grandes figuras do noso Rexurdimento: Rosalía, Curros e Pondal. E un cego, e un criado seu, pillabán e furamosas. O cego vai pedir ós poetas letras novas para os seus cantares, canso xa de cantar o que todo cego canta, sempre e coas mesmas palabras. E Rosalía, Curros e Pondal son maxinados polo autor na súa vida cotián, xa a piques nas crebas das súas vidas, e a peza dramática convértese nun exercicio didáctico: poemas recitados, ou mellor, cantados. Porque a poesía naceu para ser cantada, e así foi alomenos ata o século XV-XVI. Despois veu a poesía para ler, e para ler mentalmente, erro quizais máis grave. Eu descubrín hai tempo que a poesía

hai que pronunciala, lela en voz alta, porque a palabra é maxia e música, e non pode un escorregar sobre un verso ou unha estrofa sen catarlle o sentido, sen entrar realmente nel. E, a risco de pasar por tolo, leo en alto a poesía, e non sempre en privado, senón tamén nalgún espazo público, e gozo co espanto dos que me arrodean, e ás veces gozo tamén da súa gratitude.

En realidade, esta peza de teatro é unha escolma na que o celme popular dos versos de Rosalía conxúgase cabeatamente cos cantares do cego Saturio, non moi fino no manexo dos instrumentos pero cunha boa voz de home con medio século de vida ás costas e unha longa experiencia de falcatuadas e tamén de esperanzas e de frustracións. Un grande tipo, este cego, moi na liña do expresionismo popular, cun algo de Valle-Inclán, que non é pouco, como do Lazarillo vén o criado Cirilo, amparo do cego Saturio. Os diálogos entre os dous, os parrafeos coas mozas, as loitas dos corpos e das palabras que, como un ritual, preceden ó encontro dos sexos, lume aceso, contan entre o mellor que eu teña lido no teatro noso, que dicir no teatro na nosa lingua. E, logo, o retrato dos tres grandes poetas, sorprendidos na súa vida máis cotián: Rosalía [...]; Pondal no seu desvarío derradeiro, soñando aínda cunha Galicia ceibe e aberta ó mundo desde as súas orixes vivificantes e remotas; Curros, no seu encontro co bispo ourensán que o excomungou, e a canseira infinda de tanta loita pola liberdade, e a saudade inmensa do trasterrado e perseguido.

Cumpría moita audacia para levar a Rosalía, a Curros e a Pondal á escena. Afonso Becerra é un home novo, e a fortuna axuda ós arriscados. E foi quen, este rapaz apaixonado polas artes do teatro, para poñer en vulto e en palabra a quen fixo posible que eu fose profesor de galego e Afonso fose o meu alumno. Sen eles, sen Rosalía, sen Curros, sen Pondal, Deus sabe o que todos nós seríamos. Ben pouca cousa, certamente, xente sen voz e sen presenza.

Sorte que tiven eu de ter alumnos destemidos, atentos, curiosos e informados como o meu amigo Afonso Becerra. El, e outros coma el, danme a esperanza de que cincuenta anos de traballo nas aulas serviron para algo, para moito quizais, vai ti a saber.

Basilio Losada Castro*¹

¹ Catedrático da Facultade de Filoloxía da Universidade de Barcelona. Dpto. de Filoloxía Románica - Area de Filoloxías Galega e Portuguesa. Exerceu a Crítica Literaria, o ensaio, é tradutor prolífico e novelista.

Barcelona, 20 de xuño do 2000